

Mei queridas e lembrados amigos: Xa vai sendo tempo de que lles acuse recibo do seu garimoso envío, e nin que decir do moitísimo que llo agradecein. Igoal que a Pedriño o manxador, persoaxe cen por cen da novela "Os deus de sempre" chegou tamén a min o paquete das lambetadas. E que lambetadas! Por que si ben é certo que as conservas regalan os ollos e o paladar, nada menos se pode decir de istos ben amañados e sabrosísimos turróns que na volta do tempo e en virtude da gran atención de vostedes, tráenme de novo a frescura e ledicia do seu sabor. Densantes eiqui pol-as navidades chegaba de toda esa clase de larpeiradas e con elas se aproveitaban a gusto as típicas festas "hogareñas", mais agora todo cambiou, e nin pisco se atopa de nada de iso. Todo é xa, ~~se~~ feito con maní e mel (Industria Argentina) o que abofé non concorda cos calores abafantes que nesa data se deixan sentir. Estes terán de ser sempre cousa estrana para nos, estando tan afeitos como estamos e pasalas con xeadas e cruas inverniais, que son a razón creo eu, da quentura espiritual que se sente nos nosos fogares, na fermosa noite de noite boa, que fica xa pra min na eternidade.

Tamón lles agradezo moi intimamente, como poden supoñer, a súa lembranza na data tristeira do aniversario. A firente visión do noso calvario estivo acesa, renovando así na miña inmensa dor os intres sin remedio en que pouco e pouco fun vendo esnaquizerse as nosas milloras ilusións e nosas últimas esperanzas vividas aínda xuntos, e sobor de todo aquel seu suspiro derradeiro que non esquecerei endexemais polo ben espetado que quedou no meu peito. Xa despois.....voltei a entregarme docemente a esta arrepiante realidade que non ten trasacordo, e así día tras día, en espera constante do milagre que me deixe entregárlle a Terra.

Lein todol-os artigos e que me fai referencia na súa carta, e dende logo penso como voste de de que "La Noche" e o "Ideal Gallego" son os que fan a miller e mais aprí información. O "Faro" pouco ou nada. Tamón Xerardo mandou un bo artigo, que por ter chegado un pouco tarde paréceme non se publicou e non sei si agora lle darán cabida en algún outro xornal. Non se pode dudar que o sentimento de esa perda foi unánime bastante sincere en todos lados, e eu sintome por todo ele satisfecho e moi agradecido mais de ningún modo feliz, como penso e di algún non con mala intención. Iso...só con el era logrado.

Estou ao tanto da doenza da miña irmán Sara, cuxa recada preocupame bastante. Eas duas irmás que foron sempre como dous nais para min, téñenme en constante sobresalto pol-as seus moitos anos. Clemencie está con vivas desexos de que se arranxe axiña o asunto do Banco, ~~creo~~ crendo sin dúbida que teño ali un grande capital cuxos intereses contan elas disfrutar, na seguridade que eu non lles negarei esa pequena axuda considerando o moito que subeu a vida, e elas non contan con demasiados recursos para enfrontala. Pero voste sabe de abondo amigo Valentín, que aquel meu inmenso Danieliño non foi endexemais "axeitado" para ser dono de moitos cartos por que non lle interesaban, de modo que o único que ali temos, e un pequeno fondo, froito de un traballo honrado que nos deixara o noso benquerido pai, e que o tífamos como unha reserva pra un posible apuro na nosa vellez. Meu pai tiña sona, e dereitos de abondo para sere un home plátudo como dicen por acá mais ocorreu que así como na súa profesión de abogado era un linxe e moi intelixentísimo, non daba unha en canto de negocios se trataba os que apesar de moito que lle atraían foron de continuo estes tróficos para il. Neste xogo perdio os cartos con impresionante serenidade, sin que lle servira de escarmento ver como a tallada (por feito natural) ia caer dereitíñ nas mans dos "profesionas" cuxa "boa fe" non quixo nunca luxar nin tan siquiera con unha castiva duda. "Zapetero a tus zapateros" e como meu bo pai non entendie ren de nada de eso, foi así como as suas finenzas turraron pra abaixo en vez de turrar pra arriba. Mais o fixo el, ben feito está, e si llo conto toda ista hestoria, e pra que voste se decate de que ali non hai ningún capital sinón un pequeno aforro que sin to por Clemencie. Prégolle que cando chegue a saber algo de ise asunto, me comunique por favor pra tranquilidade das miñas vellas.

?Que me din de simpático Alfonso? ?Atópese xa ben restabelecido da súa doenza? Hai que coidar moito a ese Valentín do futuro, a fin de que non se perda ese xemento Pilsriño, fixen o reparto dos teus saudos entre estes tan bos amigos, quedando todo